

ENREIDOS TRADICIONAIS (II) O Tiraforte e a Fronda. Dous enredos “bélicos”

Tomás Vega Pato

Debuxos realizados polo autor

Retomamos o tema dos enredos, que iniciáramos no número 1 de **Raigame** con outras dúas pezas: a **rinxela** e a **parafusa**, por consideralo axeitado ó feito que motiva esta colaboración: o Día das Letras Galegas 2004, xa que entre os traballos que tiñamos pensado levar a cabo con D. Xaquín Lorenzo, persoeiro a quen se lle dedica este ano, figuraba unha revisión dos **Enredos e os Xoguetes**.⁽¹⁾ Ademais da revisión pretendíase establecer o concepto estricto das palabras **enredo** e **enredar**. Convén polo tanto establecer un significado preciso que diferencie **enredo** de xoguete, e **enredar** de xogar en xeral.

O termo xoguete parece referirse a aqueles artiluxios manufacturados e comercializados para xoga-los

nenos. Enredo é algo que vai máis aló. Dícese que un neno está enredando cando está “*endeñando*”⁽²⁾, facendo algo manual que pode ser aprendido ou froito da súa propia iniciativa, e o mesmo pode ser un artiluxio para xogar que calquera outra manifestación nacida do seu inxenio ou da aplicación do coñecemento de principios básicos adquiridos mediante a observación do comportamento da natureza, cando non das actividades cotiáns das persoas maiores. Un neno enreda cando fai un pequeno encoro aproveitando as augas torrenciais. Enreda cando artella un muiño de gravidade, de aspas, nunha pequena “*cachoeira*”. Enreda cando xoga a botar foguetes, facendo elevarse á metade dun xunco, que se desliza entre os dedos, impulsado polo desgarramento da

(1) Os outros traballos previstos referíanse: un a aspectos concretos do Entroido; o outro ó estudio pormenorizado de certos detalles constructivos na arquitectura popular. Este último era o seu máis arelado obxectivo nos seus derradeiros anos. Desgraciadamente finou poucos meses despois da nosa primeira xuntanza para definir criterios e distribuí-lo traballo.

(2) Como contribución ó enriquecemento do vocabulario empregamos verbas locais –entre “*comiñas*” no texto– ás veces descoñecidas fóra da comarca, e outras de emprego infrecuente noutros lugares.



outra mitade que permanece suxeita. Enreda pisando na neve recente propiciando que a mesma se “*apeli-que*” ás súas “*galochas*” ó xeito dunhas zancas. E enreda cando fai os seus propios xoguetes.

Por conseguinte, enredo ven a ser un artiluxio a modo de xoguete feito polo neno, que lle serve para divertirse, e sobre todo para xogar con él. Podemos por tanto establecer que enredar é po-los medios para facer enredos e outros artiluxos ou inxenios infantís. Enredar é, tamén, xogar con ditos artiluxos e inxenios, pero enredar non é adecuado para definir ó xogo dos nenos en xeral. Na comarca Navea- Bibei, donde situamos estes dous enredos que imos tratar, ó feito de xogar os nenos a xogos de acción ou divertimento –*couchipé, marro, nesta casa hai lume, atas etc.*– chámasele **ir á tuna** ou **tunar**. D. Xaquín Lorenzo definía este mesmo feito como **brinquedo** ou **brincar**, acepción propia de Lobeira, que tamén recolleemos na nosa comarca, pero na que o uso é máis limitado, superado por **ir á tuna**.

Por enredo debemos entender, ademais, calquera dos diferentes aparellos que servan para o entretemento do neno, por sinxelos que sexan, indo dende aqueles máis simples e inocuos, case sen necesidade de manufacturación, coma son as palletas da cana verde do centeo, ata aqueloutros que precisan de grande habilidade, e entre os que existen algúns cal uso entraña notorio perigo, pois o neno, a medida que se acerca á adolescencia, vaise facendo máis temerario na maneira de enredar. Unha boa proba do que dicimos témola no uso do carburo humedecido, empregado para propulsar os botes de folla de lata, despois de porlle lume no burato feito aposta no recipiente. Tamén a elaboración de pistolas feitas con vainas de proxectís de fusil, con pinzas da roupa ó xeito dun percutor vertical, que disparan de verdade ó cargalas con pólvora e porlle unha cabeza dun misto debaixo do percutor.⁽³⁾ Tamén os arcos feitos coas baleas metálicas dos paraugas, capaces de atravesar pequenos animais. Isto, pola súa natureza, semella non ser algo tradicional, pero dentro deste concepto non faltan enredos tanto ou máis perigosos que os citados. Imos a ocuparnos concretamente de dous, que usamos na nosa infancia en Manzaneda, aínda que tamén se atopan noutros lugares, tanto en Galicia como alén da nosa comunidade. Estes enredos son: o **tiraforte** e a **fronda**.

Como o fin que nos propomos sempre nos nosos traballos sobre enredos, ou en calquera outro aspecto da cultura material, é o de que, unha vez perdido o costume do seu uso e desaparecido o artiluxio de que se trate, poida ser recreado. Imos describir ambos enredos en detalle, tanto no que se refire á súa confección, coma ó seu funcionamento e uso, auxiliándonos de debuxos e planos.

Sobre a intencionalidade no xeito de estruturar os nosos traballos, remitimos ó lector ás páxinas 75 e 76 do número 1 de **Raigame**, maiormente no que se refire á descrición por extenso das pezas e o seu manexo, tamén ó establecemento de paralelismos que nos afasten dun posible etnocentrismo, xa que xogos e enredos que tivemos como autóctonos, foron muy comúns alén das nosas fronteiras.

○ TIRAFORTE

Este enredo foi definido por D. Xaquín Lorenzo –quen o denomina *tratacos*– como “máis inofensivo”⁽⁴⁾, en comparación co arco e coas frechas de madeira. Non obstante o tiraforte pode causar lesións importantes, de maior ou menor grao dependendo da parte do corpo donde impacte o proxectil. En calquera caso o impacto próximo, poñamos que a uns dous metros, provoca sempre hematoma. Describamos este enredo.

Consiste nun tubo, por definilo dalgún xeito fácilmente entendible, obtido duna ponla de sabugueiro. Para conqueri-los resultados idóneos de velocidade, e polo tanto de forza de impacto do proxectil, a ponla elexida deberá ser anexa, xa que os rebentos de pé, ou as ponlas novas teñen demasiado oco para albergala miola, polo que a reducida sección da coroa de madeira resultante, maila pouca compacidade da mesma, propiciará que o tubo así conseguido racha-se con facilidade.

Baleirado da “*miola*”o cacho de ponla escollido, para o que nos valeremos dun guizo de diámetro semellante ó oco que a alberga, procederemos a face-la **baqueta** –émbolo– que a modo de xiringa servirá para introduci-las bólas, ou proxectís –dúas– e para comprimir o aire que as propulsará. A baqueta deberá ser de madeira dura, compacta, e de freba moi

(3) A pólvora, polo común, substraíaselle ós maiores que se dedicaban á caza, e cos que moitas veces se colaboraba na recarga de cartuchos nas noites do inverno. Outras veces desfecendo os foguetes que mercabamos nas feiras. No primeiro caso tamén nos quedabamos con algún perdigón de chumbo; a falta destes cargábamos con areas ou con sal. Os cascos, ou vainas, non eran difíciles de conseguir, traídos da mili polos mozos.

(4) Lorenzo Fernández, X. *Enredos. Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. Tomo XIV, cuaderno 3º, pp. 268-293, (Madrid) 1958.



longa, tamén de ponla vella. Deberá así mesmo estar ben confeccionada no que o seu sentido rectilíneo se refire. Tamén o seu diámetro ten que ser constante, para evitar que quebre ó face-lo empuxe, e non presentará puntos nos que a resistencia sexa discontinua. Por contra, o diámetro da baqueta non ten que ser estrictamente axustado ó oco do tubo, primeiro, por que no orificio deixado pola miola pode haber variacións de sección, aínda que mínimas, motivadas polo crecemento da ponla; segundo, por que a estanqueidade precisa vén dada polo axuste das bólas. Sen embargo tampouco deberá presentar unha folgura excesiva, xa que o empuxe podería non ser normal á sección do tubo, o cal implicaría risco de rotura.

Feita a descrición do tiraforte recorremos, como xa adiantáramos, á representación gráfica deste enredo.




Fig. 1 PEZAS DO TIRAFORTE
Tubo, baqueta e bólas ou proyectís




Fig. 2 MANEIRA DE EXTRAER A MIOLA

A= Presión
B= Rotación

C= Guizo
D= Miola




Fig. 3 BAQUETA (Sección)

A lonxitude do espigo do émbolo, ten que ser menor cá do tubo, para que a bóla dianteira teña un mínimo encauzamento para lograr a puntería necesaria. Ó mesmo tempo evítase así que a segunda bóla, que pasa a remplazar á primeira, poida saír. A madeira máis aconsellable é a de castiñeiro. Deberá obterse dunha ponla de maior diámetro có mango.




Fig. 4 POSICIÓN INICIAL DAS BÓLAS

Esta posición é a necesaria previa ó inicio do empuxe para comprimi-lo aire que xerará o disparo. Introdúcense valéndose da baqueta. A segunda deixarase practicamente na boca posterior, se o disparo non se fai de inmediato. En todo caso éste non se pode a penas demorar, pois podería producirse unha perda de humidade na bóla quenon imposibilitaría a compresión.




Fig. 5 COMPRESIÓN E DISPARO



Aínda que os debuxos, coas correspondentes notas ó pé, non precisan de maior explicación, cómpre aclarar algúns extremos. As bólas que, como se indica, son de estopa sen “*tascos*” -millor serían as de liño- haberanse de mastigar ata lograr a compacidade idónea, ó tempo que se impregnan de saliva. Esta, a maiores de actuar como aglutunante, facilita a cuestión reolóxica ó actuar como lubrificante.

A compresión require moita forza. Para conseguila o neno, dependendo da súa idade, terá necesidade en moitos casos de apoia-la baqueta no peito, asindo o tubo coas dúas mans. Por este motivo, cando se vexa obrigado a este recurso, haberá de practicar moito ó fin de acadar-la puntería necesaria para atinarlle os obxectos.

O emprego da bóla posterior é imprescindible ó fin de conseguir a estanqueidade que propiciará a compresión, que, como xa deixamos dito, non pode ser lograda coa baqueta ó non ser, no senso estricto, un émbolo, actuando como tal só a efectos de empuxe. Facemos esta aclaración por que algúns autores citan o uso duna soa bóla.




Fig. 6 MANEIRA CORRECTA DE EMPREGO
 Nos casos nos que a presión resulte moi dura haberá que recorrer a apoia-la baqueta no peito.



A FRONDA

A **fronda** máis ca un enredo é unha *arma*. De feito na antigüidade utilizábase como artiluxio bélico. Pero o certo é que na nosa infancia empregabámola en torno ós dez anos de idade, e mesmo antes. Tanto os nosos pais coma os mestres, non miraban con bos ollos o uso de tal aparello, polo que era preciso practicar con él on de non puidésemos ser vistos.

O autor francés Jacques Stella recolle xa este aparello como enredo infantil, *la fronde*, advertindo do perigo que entraña. No seu libro «*Les jeux et plaisirs de l'enfance*» publicado en París no ano 1657. Decía sobre a fronda:

*Armados estes rapaces
con aparellos iguais
ós que hai pouco teñen zumbado,
a esta fronda fatal,
coma xogo insubstancial
ó fin vemos con agrado.⁽⁵⁾*

Vén a conto citar a este autor por que na obra mencionada recolle moitos enredos tradicionais en Francia, comúns ós que temos inventariados, tanto na nosa comarca coma noutras da provincia e mesmo no resto de España. Entre os mesmos, con outras denominacións como é lóxico, atópanse: **o peón, a rinxela, a parafusa, a galicha ou pitela, os bolos, a porca**, etc., ademais de numerosos xogos de acción.

A fronda é un artiluxio de concepción simple. Baséase no aproveitamento da forza xerada pola aceleración e a inercia, procedentes dun movemento circular rotatorio, as cales imprimen unha gran velocidade o obxecto, ou proxectil, liberado.

Os materiais necesarios para a súa construción compóñense dun anaco de coiro de becerro, e de dúas barazas ou bramantes de boa calidade e moi resistentes, a máis dimensionalmente estables, pola forte tracción á que son sometidos no intre de deter o movemento xiratorio. Ás veces empregábanse amallós no canto das barazas, pero con menor frecuen-

cia, tanto polo custo oneroso dos mesmos, como pola menor estabilidade dimensional dos mesmos. A continuación, sen máis explicacións no relativo a descrición, recorreremos, como no caso anterior, á elocuencia dos debuxos.



Fig. 7 A "FRONDE"

Gravado sobre a fronda a partir dun deseño de J. Stella, realizado pola súa sobriña e alumna Claudine Bouzanet. Servímonos deste gravado, pola súa expresividade e dinamismo, para transmitir de forma gráfica o xeito de empregar a fronda.

Como podemos observar nas ilustracións, unha das barazas leva un lazo no extremo co fin de pasar por él o dedo medio, para que, así, ó soltar unha das barazas co fin de que á vez se libere o proxectil, facilitando que saia despedido, quede a baraza suxeita á man, contribuíndo a que o coiro que o "acubilla" se extenda e non dificulte a saída, nin míngüe a velocidade por rozamento.

Para acadar a inercia necesaria a efectos de impulso, faise xira-la fronda nun movemento que xere unha circunferencia con centro entre os dedos índice, pulgar e medio. A baraza destinada a ser liberada, está aprisionada entre o pulgar e o índice, a cal fin dispón dun nó no extremo. Lembremos que a outra está anelada ó dedo medio, que impide que se desprenda ó soltar a anterior.

A aliñación do movemento de xiro deberá ser perpendicular ó obxectivo. Aínda que semelle difícil a puntería, coa necesaria práctica é moi precisa, ata o punto de atinarlle a obxectos moi pequenos.

(5) É posible que estes versos alusivos á fronda –fronde en francés– conteñan, ó ser contemporáneos, unha referencia encuberta á sedición contra Mazarino e Ana de Austria (1648 – 1652) á cal se lle aplicó o nome de "Fronde". Fíxose a tradución para o galego partindo doutra en castelán, de Victoria de Argimón, na edición da obra realizada por "LOS JÓVENES BIBLIÓFILOS. José J. de Olañeta, Editor. Palma de Mallorca, 1990.



Finalmente engadiremos que máis tarde chamóuselle tamén **fronda** ó máis moderno enredo, aínda hoxe en uso, composto por dúas tiras de goma elástica, atadas cada unha nun dos orificios dun anaco de coiro semellante o descrito anteriormente. Os outros extremos fíxanse, respectivamente, nos dous brazos dunha forquita de madeira ou de arame grosso. Trátase do coñecido **tirabólas**.




Fig. 8 REPRESENTACIÓN DA FRONDA
A lonxitude total, plegada, é duns 35 cm.
Dependendo da idade do neno.
O coiro é dunha peza
de aproximadamente 4,5x11 cm.

VOCABULARIO

acubillar. Albergar. Acoller

apelicar. Adherir

cachoeira. Cachón. Pequena fervenza. Polo común nas "caldeiras" de rego

caldeira. Canle. Levada

endeñar. Facer uteis manuais. Artellar. Enredar

galochas. Calzado de coiro con sola de madeira, xeralmente de padrairo

tasco. Tegumento duro da planta do liño.

T.VEGA
 Pato
 2004